

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido ao retraso do recoñecemento do grao de discapacidade

Expediente: G.6.Q/21333/17

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2017

Sr. conselleiro:

Nesta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención ....

#### ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que o 8 de xaneiro de 2016 (hai 1 ano e 4 meses) presentou no Rexistro Xeral do Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra instancia en solicitude de modelo normalizado para recoñecemento do grao de discapacidade polas doenzas que padece, a efectos de que produza efectos no ámbito laboral e noutros. A pesar do tempo transcorrido non ten recibido ningunha citación ou comunicación da Consellería sobre apertura de expediente e iso a pesar de que a propia información da Xunta establece un prazo de resolución de 6 meses. Reclama que se axilicen os trámites precisos para valoración e resolución da discapacidade que padece.

2. Ante iso requirimos información a esa consellería, que xa nola remitiu. Nela sinalase o seguinte: "... segundo a información facilitada pola Sección de Cualificación e Valoración da discapacidade de Pontevedra, unidade administrativa competente na tramitación desta solicitude, a interesada presentou a solicitude de recoñecemento da súa situación de discapacidade o 08/01/2016 cunha cualificación de prioridade ordinaria e clasificación do tipo de expediente como de natureza médica (require para o proceso de valoración da atención dun médico e dun traballador social). A súa solicitude non está incluída en ningunha das situacións consideradas de tramitación preferente segundo o artigo 16 da Orde do 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes (DOG no 236 do 11/12/2015). Os motivos regrados de prioridade son: a) os menores de 18 anos; b) os maiores de 90 anos; c) as solicitudes de axudas/subvencións sometidas a prazos; d) o acceso ao emprego e ás

ensinanzas regradadas onde exista reserva de praza para persoas con Discapacidade; f) a existencia dun procedemento aberto, xudicial ou administrativo, sobre violencia de xénero; e g) as pensións non contributivas/prestacións por fillo a cargo, condicionadas ao cumprimento previo dos demais requisitos esixibles.

Consonte coas características do seu expediente e a lista de espera actualmente existente para programar as citas correspondentes a esta tipoloxía de expedientes, a previsión de cita para a súa valoración está establecida para o mes de febreiro do ano 2018.

En canto as causas da demora é debida: -Ao elevado número de solicitudes, tanto de valoración inicial como de revisión, acumuladas en lista de espera pendentes de ser citadas para valoración, debido a que fluxo de entrada das solicitudes está superando a capacidade de tramitación da unidade, conforme aos efectivos actuais. - Ao elevado número de solicitudes que entran nos supostos de atención prioritaria previstos no artigo 16 da Orde do 25 de novembro de 2015. - As persoas que non se presentan a citación (é un número moi variable) ou avisan sen tempo suficiente para citar outra persoa, quedando eses ocos sen poder aproveitar. - Esta situación previsiblemente verase agravada no período vacacional.

En relación as medidas adoptadas para minimizar na medida do posible o retraso na tramitación dos expedientes de valoración da discapacidade que se está producindo nesta unidade, se está a traballar na instrumentación dunha colaboración co SERGAS de cara a que profesionais médicos cualificados poidan realizar avaliacións co obxectivo de minorar o colo de botella existente. A previsión é que esta medida se poida implementar no último trimestre do ano 2017 e durante o ano 2018, sendo que neste momento se está a traballar para darlle forma a esta actuación.

Ao mesmo tempo se está a valorar a posibilidade de realización de horas extraordinarias e gratificacións extraordinarias para a axilización dos expedientes pendentes”.

## ANÁLISE

1. Coa información achegada confírmase o expresado polo afectado na súa queixa: o procedemento se atópase moi retrasado, posto que iniciouse o 8/1/16 e a consellería anuncia a data aproximada da súa resolución para febreiro do próximo ano, isto é, despois de mais de dous anos.

2. A situación de atraso nas valoracións e resolucións dos expedientes de recoñecemento de situación de discapacidade é coñecida a través deste e doutros expedientes, e, como pode apreciarse, o problema continúa, sen que se dera solución.

O expediente debera atoparse resolto nos prazos previstos e sen demoras inxustificadas, que prexudican os cidadáns afectados.

3. Estes problemas foron tratados en diferentes informes ao parlamento e seguen sen solución, como o demostra a presente queixa. A consellería adoita alegar que os atrasos non producen efectos prexudiciais debido a que as consecuencias das valoracións se retrotraen á data da solicitude. Porén, comprobamos que en moitos casos teñen efectos prexudiciais.

4. En anteriores respostas anunciábanse medidas para solucionar ou paliar esta situación, pero o certo é que non deron os resultados adecuados, especialmente en algunhas zonas, como Pontevedra. O comprobamos a través da presente queixa.

Agora se anuncian novas medidas, como por exemplo a posta en marcha da colaboración co SERGAS para que médicos cualificados poidan realizar avaliacións, o que se concretaría neste último trimestre de 2017 e en 2018.

5. A persoa que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que sinala que os poderes públicos realizarán unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración dos discapacitados aos que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles a administración autonómica, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

## CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

*Que con urxencia se resolva sobre o expediente obxecto desta queixa, relativo á valoración e recoñecemento da situación de discapacidade da reclamante, posto que se atopa atrasado, de tal maneira que non se produzan demoras prexudiciais; que tamén con urxencia habilítense as medidas anunciadas para normalizar a situación; e que compróbase que as medidas tiveron efecto e corruxiron a situación ata facer cumprir os prazos.*

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo dun mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución, incluírase na páxina web da institución.

Saúdoo atentamente.

Milagros M<sup>a</sup> Otero Parga  
Valedora do Pobo